

Contas económicas trimestrais. Primeiro trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

A economía galega rexistra un crecemento intertrimestral do 0,2% no primeiro trimestre de 2010.

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no primeiro trimestre de 2010 rexistrou un descenso do 1,7% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este descenso é inferior en 1,4 puntos á caída rexistrada no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego no primeiro trimestre do ano é inferior ao dato avance difundido polo INE de crecemento da economía española (-1,3%).


Neste trimestre o incremento intertrimestral sitúase no 0,2%, 0,4 puntos superior ao crecemento do trimestre anterior e unha décima superior ao nacional.

Produto interior bruto

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2008	2009	2009				2010
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Variación interanual	1,7	-3,0	-2,0	-3,4	-3,6	-3,1	-1,7
Variación intertrimestral	--	--	-1,2	-1,0	-0,7	-0,2	0,2


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

No primeiro trimestre de 2010, a demanda en termos nacionais achega ao crecemento do PIB -2,6 puntos porcentuais, 0,6 puntos porcentuais máis que no trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 1,1%, igual ao rexistrado no trimestre anterior, o apartado da formación bruta de capital reduce 1,6 puntos a taxa de descenso do último trimestre de 2009, co que a taxa do primeiro trimestre é do -4,8%. A contribución do sector exterior é de 0,9 puntos porcentuais, oito décimas máis que no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2008	2009	2009				2010
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	2,1	-0,4	0,3	-0,4	-0,3	-1,1	-1,1
-Gasto en consumo final dos fogares	1,2	-1,9	-1,6	-2,2	-1,6	-2,4	-1,9
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	5,2	5,0	6,9	5,9	4,4	3,0	1,4
Formación bruta de capital	-2,1	-10,7	-12,8	-12,0	-11,3	-6,4	-4,8
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	0,8	-4,3	-4,7	-4,9	-4,4	-3,2	-2,6
Exportacións de bens e servizos	-0,5	-13,0	-15,6	-19,7	-12,8	-2,5	1,3
Importacións de bens e servizos	-1,4	-11,8	-15,5	-17,5	-11,2	-2,0	-0,2
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,7	-3,0	-2,0	-3,4	-3,6	-3,1	-1,7

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares decrece un 1,9% no primeiro trimestre de 2010, cinco décimas inferior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado reside sobre todo no deterioro experimentado polo mercado de traballo no último ano

e medio. Os principais indicadores de consumo amosan un comportamento similar ao do agregado: o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario rexistrou no primeiro trimestre de 2010 unha taxa interanual do 2,5%, moi superior á rexistrada no trimestre anterior; indicadores cualitativos como o índice de confianza do consumidor presentan neste trimestre unha mellora respecto ao primeiro trimestre de 2009; por último, as matriculacións de turismos rexistran neste trimestre taxas interanuais similares ás taxas do trimestre precedente.

No mesmo período, a taxa de crecemento do gasto en consumo final das administracións públicas e institucións sen fins de lucro caeu 1,6 puntos con respecto á taxa rexistrada no trimestre anterior debido á contención do gasto público; a taxa de variación interanual rexistrou un crecemento do 1,4%.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída inferior ao do trimestre anterior, pasando dun descenso do 6,4% no cuarto trimestre do ano pasado a un 4,8% no primeiro deste ano. A produción industrial de bens de equipo e a inversión residencial presentan taxas de crecemento menos negativas que no trimestre anterior. En cambio, a importación de bens de equipo e a matriculación de vehículos de carga presentan taxas interanuais menores que as do cuarto trimestre de 2009.

Como xa se comentou anteriormente, no primeiro trimestre de 2010 a achega da demanda externa neta foi de 0,9 puntos, oito décimas superior á achega do trimestre anterior. As exportacións presentan un crecemento positivo (1,3%) logo de cinco trimestres consecutivos de fortes descensos, con respecto ao trimestre precedente a mellora é de 3,8 puntos. A menor contracción da demanda interna no resto de España e nos principais países aos que van destinados os nosos produtos explican esta recuperación. Pola súa parte, as importacións descenderon un 0,2%, o que supón unha mellora de 1,8 puntos con respecto á contracción do trimestre anterior.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no primeiro trimestre de 2010, presentan crecementos negativos todas as ramas agás as enerxéticas. Os maiores descensos corresponden ao sector primario, á construción e aos servizos de mercado; os servizos non de mercado e as ramas industriais presentan descensos interanuais de pequena contía.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2008	2009	2009				2010
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	-1,3	-1,8	-0,2	1,1	-4,7	-3,3	-5,9
Ramas enerxéticas	-3,6	-3,2	-1,9	-7,6	-5,6	2,6	8,1
Ramas industriais	-1,6	-13,7	-17,3	-15,9	-13,7	-7,2	-0,6
Construción	-0,3	-5,6	-4,5	-5,6	-6,3	-5,9	-5,3
Ramas dos servizos	3,7	-0,1	1,9	-0,1	-1,0	-1,3	-1,2
- Servizos de mercado	3,4	-1,4	0,5	-1,5	-2,3	-2,4	-1,5
- Servizos non de mercado	4,7	4,4	6,8	4,7	3,6	2,7	-0,1
Impostos netos sobre os produtos	0,5	-2,3	-1,0	-2,5	-2,6	-3,3	-2,0
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,7	-3,0	-2,0	-3,4	-3,6	-3,1	-1,7

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

As ramas agraria e pesqueira presentan un descenso do 5,9%, en liña cos indicadores de actividade dispoñibles que sinalan descensos interanuais.

No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual superior en 6,6 puntos á taxa do trimestre anterior, presentando un rexistro do -0,6%; o índice de produción industrial destas ramas mostra unha evolución similar. As ramas enerxéticas rexistran un crecemento do 8,1%, 5,5 puntos superior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior.

O sector da construción presenta unha taxa de crecemento do -5,3%, 0,6 puntos porcentuais inferior ao descenso rexistrado no trimestre anterior. O mínimo ao que parece que chegou a edificación residencial no último trimestre de 2009 xustifica esta lixeira mellora.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un decrecemento do 1,2%, unha décima inferior á caída do trimestre precedente. Os servizos de mercado melloran nove décimas a súa taxa interanual acadando un crecemento do -1,5%. Os servizos non de mercado caeron un 0,1%, descendendo 2,8 puntos sobre o crecemento do trimestre precedente.

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no primeiro trimestre deste ano un 4,4%, o que supuxo a destrución de 49.693 postos de traballo equivalentes nun ano.

Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2008	2009	2009				2010
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	-3,8	-0,9	-1,9	1,1	-2,3	-0,4	-0,5
Ramas enerxéticas	-1,8	-4,7	-4,2	-5,7	-5,3	-3,7	-1,3
Ramas industriais	-1,0	-8,8	-8,4	-9,5	-9,4	-7,8	-7,8
Construción	-5,6	-14,6	-13,7	-15,7	-14,9	-14,1	-13,6
Ramas dos servizos	2,5	-1,2	0,8	-0,9	-2,3	-2,5	-2,6
- Servizos de mercado	2,8	-2,2	0,4	-1,5	-3,7	-4,2	-3,9
- Servizos non de mercado	2,0	1,2	1,9	0,3	1,0	1,6	0,4
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	0,4	-4,0	-2,7	-3,9	-4,9	-4,4	-4,4

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade, a de servizos non de mercado é a única que acada taxas de crecemento positivas (0,4%), as restantes presentan descensos interanuais, sobre todo a construción e a industria.

As ramas agraria e pesqueira mostran un crecemento interanual do -0,5% no primeiro trimestre do ano, a construción acada un decrecemento do 13,6%, 0,5 puntos menos que no trimestre anterior e as ramas industriais rexistran a mesma taxa que no trimestre precedente, descendendo un 7,8%.

Os servizos de mercado minoran o seu descenso en 0,3 puntos, quedando situada a taxa no -3,9%. Os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 0,4%, 1,2 puntos inferior ao crecemento do trimestre anterior.

Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2008	2009	2009				2010
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	-2,8	5,1	9,1	7,4	2,1	1,9	-7,8
Ramas enerxéticas	-1,9	-3,4	-2,8	-4,4	-3,9	-2,3	-1,1
Ramas industriais	-1,5	-9,5	-9,1	-10,6	-10,3	-7,9	-4,7
Construción	-6,0	-16,8	-15,9	-17,9	-17,1	-16,2	-14,7
Ramas dos servizos	2,8	-0,7	1,8	-0,5	-1,9	-2,3	-2,3
- Servizos de mercado	3,2	-1,8	1,7	-0,9	-3,5	-4,5	-3,8
- Servizos non de mercado	2,0	1,2	1,9	0,3	1,0	1,6	0,4
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	0,6	-4,2	-2,4	-4,3	-5,2	-4,8	-4,4

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Distinguido por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou no primeiro trimestre de 2010 unha taxa de variación interanual do -4,4%, dato que supón a diminución de 40.278 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase neste trimestre no 2,8%, 1,4 puntos máis que a variación rexistrada no trimestre anterior.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no primeiro trimestre de 2010 un crecemento interanual do -0,8%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 1,0%, 0,3 puntos superior ao do trimestre anterior.

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2008	2009	2009				2010
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	6,1	-0,7	2,0	-1,0	-1,8	-2,0	-0,5
-Gasto en consumo final dos fogares	5,3	-3,0	-0,1	-3,6	-4,1	-4,0	-2,0
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	9,0	7,0	9,6	7,9	6,0	4,9	4,3
Formación bruta de capital	2,3	-9,3	-9,9	-8,7	-10,6	-8,0	-4,4
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	5,4	-3,9	-2,2	-4,1	-5,4	-4,4	-2,0
Exportacións de bens e servizos	2,2	-15,1	-17,1	-20,9	-15,1	-6,3	-0,9
Importacións de bens e servizos	3,4	-13,8	-14,5	-18,2	-14,2	-7,6	-2,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,3	-2,5	-1,4	-2,8	-3,6	-2,4	-0,8
Ramas agraria e pesqueira	1,7	-4,8	-5,2	-3,2	-6,4	-4,3	-4,7
Ramas enerxéticas	2,6	-2,1	0,2	-5,1	-2,9	-0,3	12,4
Ramas industriais	3,1	-13,5	-15,6	-15,9	-14,5	-7,7	-1,4
Construción	3,9	-6,5	-4,2	-5,4	-9,5	-6,7	-6,5
Ramas dos servizos	8,2	2,8	5,1	3,4	1,6	1,1	0,0
- Servizos de mercado	8,1	1,6	4,0	2,2	0,2	0,0	1,0
- Servizos non de mercado	8,4	7,1	9,2	7,9	6,5	4,9	1,9
Impostos netos sobre os produtos	-12,7	-14,1	-14,7	-17,7	-11,2	-12,5	-8,9

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

19 de maio de 2010

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>